

Tema	Pregunta	Resposta
contidos	Están xa dispoñibles para 1º de ESO inglés, todas as UD? porque na plataforma de formación solo aparecen duas unidades	No EVA de formación só temos dúas unidades de cada materia, para que os docentes poidades facer probas. No EVA real teredes acceso a todas as unidades de Inglés.
pdf	Existe unha versión imprimible dos temas?	Si, todas as unidades incorporan un pdf imprimible que incorpora os contidos e as actividades. Podedes atopalo no botón de recursos situado na zona superior dereita das unidades.
pdf	Os apartados ocultos séguense vendo na versión para imprimir, aínda que os ocultemos.	O pdf no é dinámico, non se modifica cos cambios de autoría, polo que non elimina apartados nin engadirá as novas actividades que creedes.
eva offline	tienen que descargar la actividad antes en el centro o pueden descargar en casa?	As unidades se descargan dende o EVA offline e o único requisito é ter conexión a Internet, polo que poderán facelo na aula ou na casa.
eva offline	Quería saber si entendí bien lo de Eva Off Line. Las actividades tuvo que descargarlas antes o en aula o con conexion a internet... y luego trabajar con ellas sin linea. Gracias	Unha vez que se descargan as unidades no EVA offline, se poderá traballar con elas de dúas formas: - Con conexión a Internet. Así, todo o que faga o alumnado se enviará automaticamente ao docente. - Sen conexión a Internet. En ese caso, as respostas quedarán almacenadas temporalmente no PC do alumno e non se enviarán ao docente ata que abra de novo a unidade cando teña conexión a Internet.

Control do alumnado	O botón de Diríxete aquí só funciona ás veces e/ou non con todo o alumnado.	Non tiñamos constancia desa situación. Por favor, contacta co Soporte Premium (soporte.premium@edu.xunta.es) e describe o máis detalladamente que poidas a situación para que poidamos revisalo.
Control do alumnado	Non podemos bloquear só a un alumno concreto?	Non, actualmente as funcións de control de aula (diríxete aquí, bloquear...) afecta a toda a clase, non a unha persoa en concreto.
Control do alumnado	Para identificar os alumnos só aparece o nome. Por exemplo Uxía... Pero se hai máis dunha Uxía xa non é posible distinguir entre elas...Sería interesante que aparecera a inicial polo menos do primeiro apelido ..	Agora mesmo o listado de alumno só mostra o nome dos rapaces. Estamos mellorando esta parte para que tamén mostre os apelidos.
Control do alumnado	cómo se diferencian alumnos que se chaman igual? pois solo aparece o nome...	
Control do alumnado	Para controlar a actividade do alumnado, asígnanlle unha imaxe e póñenlle o nome de pía, unicamente, de maneira que cando se repiten os nomes non sei de quen se trata; por ex. teño tres Lucía e dúas Laura no mesmo grupo e non podo distinguir quen me está mandando as tarefas. Non vin maneira de poderlle editar o nome.	

Control do alumnado	en las actividades que acaba de realizar si non le damos el 100% de la nota puede seguir intentando o le puede dar un 50% y ya no le deixo volver a intentar. Son las actividades libres. Gracias Justo eso de actividades eva offline	Se avaliamos unha actividade e lle damos unha puntuación superior ao 50% (Aceptable ou mais), xa non poderán volver a facer a actividade. Se lle damos unha puntuación inferior a Aceptable poderá volver a realizar, cun total de 3 intentos.
avaliación	Nas unidades tradicionais de Netex, a puntuación do SCORM calculábase unicamente coa sección avalíate, tendo en conta as respostas acertadas respecto do total. Pero coas unidades smartizables...como se reflicte a calificación da actividade no libro de cualificacións?? Canto puntúa cada pregunta ou apartado??	Se realiza unha media entre todas as actividades da unidade (p. ex. se tivésemos unha unidade con 50 preguntas, cada unha contaría un 2% do total).
avaliación	Pódese excluír da nota algunha actividade?	Actualmente non se pode. Estamos traballando nunha funcionalidade que vos permita configurar a avaliación da unidade, podendo descartar as preguntas que desexedes e que non se teñan en conta para a nota.
avaliación	Boas tardes, nas preguntas nas que o alumnado ten que escribir texto e o envía ao profesor, como se fai para ver o enviado por cada alumno e corrixilo?	Se pode revisar pregunta a pregunta, dende a barra de detalles (Ver Apto 5 do manual de docente), ou ben podemos ter unha vista completa de toda a unidade por unidade (Ver Apto. 9 do manual).
avaliación	As actividades de escritura libre pódense avaliar a posteriori? Cando o alumno xa non está conectado?	Efectivamente. Ademais, é máis recomendable.
avaliación	Os resultados das actividades ou da avaliación pódense exportar en formato csv ou excel?	Actualmente non existe esta opción. Trasladarémolo ao equipo de desenvolvemento xa que é unha aportación moi interesante.

avaliación	as actividades de escribir que debe corrixir o profesorado só resultan prácticas para textos moi breves, porque non se lle poden dar indicacións claras ao alumnado do que está mal. Permite poñerlle unha emoticona, segundo estea o exercicio e logo hai un espazo para comentarios; se non se quere poñer ningún comentario, a aplicación, automaticamente, ponlle por defecto un texto, que só está en castelán, non permite deixalo en branco. Se se queren dar indicacións máis precisas non é doado porque non hai un editor de texto e, polo tanto, non se pode copiar e pegar, por ex., a resposta do alumnado para marcarlle o que está mal; debería poder ter as mesmas funcionalidades ca o "texto en liña" nas tarefas de moodle, senón é imposible que se diga que substitúe o caderno.	Aquí podemos indicar varias cuestións: - Se non se quere que se mostre a mensaxe automática, podemos redactar unha mensaxe propia ou incluso poñer un espazo en branco (aínda que esta opción será moi pobre para o alumno, que non terá ningún que o anime o que o oriente). - Efectivamente axudaría moito e facilitaría a labor de avaliación a posibilidade de contar con un editor de textos máis completo ou incluso poder ter unha imaxe coa resposta do alumno sobre a que subliñar ou marcar o que desexemos. Estas son melloras que poderemos afrontar no futuro.
autoría	Es posible editar un apartado de un tema para asociarlo únicamente a un alumno... Pero es posible asignarlo a más de 1 alumno a la vez?	Actualmente só se pode asignar un apartado a todo o grupo ou a unha persoa concreta. Estamos traballando nunha funcionalidade que permita crear grupos de alumnos e poder asignarlles contidos e tarefas.
autoría	Respecto dos cambios nas unidades que faga o profesorado nos materiais de Netex... suponse que se gardarán para o seguinte curso	Estamos traballando nunha funcionalidade que permita manter as unidades dos docentes dun ano para outro, facilitando as novidades editoriais e mantendo os contidos personalizados que se creasen (textos, vídeos, imaxes...).

autoría	¿é posible ocultar contidos SEN eliminalos das unidades?	En este momento se poden ocultar as leccións completas, pero dentro das leccións só se poden borrar contidos (textos, actividades...). Unha das próximas melloras que temos priorizadas é poder ocultar estos contidos, en lugar de boralos.
autoría	Se pueden colgar cualquier vídeo de youtube o nos tiene que dar permiso el autor?	Iso dependerá das políticas de privacidad/autoría que teña o vídeo e da plataforma. Recomendamos consultar as políticas de privacidad de YouTube e Vimeo. De todos modos, a maioría destas políticas son restrictivas para a modificación desos vídeos, pero é moi raro que se prohiba compartir o enlace ou embeberlo, que é o que facemos nos contidos Smart. Os contidos Smart non copian o vídeo, só o enlazan dende YouTube e Vimeo e se non temos conectividade non se poderían ver, xa que son só un enlace.
autoría	¿pódense agrupar as preguntas de autor ou engadilas a grupos xa existentes?	Actualmente non. As preguntas creadas polos docentes aparecerán sempre unhas encima de outras, non agrupadas.
autoría	Cando se elimina un texto, como se elimina a imaxe? Non fun capaz de facelo.	As imaxes se eliminan igual, co botón con forma de papelera. Si en unha imaxe non sae es botón ao situarnos encima, significa que o que o único que podemos borrar é o elemento superior que o alberga a imaxe. Por exemplo, se a imaxe está dentro de unha actividade, non poderemos eliminar a imaxe, xa que as actividades non se poden modificar, teremso que borrar toda a actividade.
autoría	Non funciona para eliminar imaxes que acompañan un texto	
autoría	a tipoloxía de actividades interactivas que se permite engadir paréceme moi limitada: só test ou escribir texto (que ademais non se pode autocorrixir). Tampouco vexo como limitar o número de intentos nun test (sempre saen tres e pode ser excesivo nalgúns casos)	A tipoloxía de actividades que se poden incorporar foron seleccionadas por ser actividades de fácil e rápida creación. Nun futuro se poderían engadir actividades máis complexas (flechas, combos..) pero requiren moito máis tempo de edición e esforzo por parte do docente, polo que se descartaron nesta fase.

autoría	Non é posible editar unha a unha as actividades ligadas a un cuestionario, hai que borrar a actividade enteira e facela de novo se, por exemplo, se quixese corrixir un erro ou engadir/suprimir unha parte. Non resulta práctico.	Resulta complexo de aclarar nunha breve explicación, pero non podemos permitir modificar actividades xa que, se os alumnos xa contestaron se xerarían discrepancias nos resultados. Por exemplo, se a opción correcta era a A e agora pasa á B, e se o alumno xa contestara ben se xerarían incongruencias porque obtivo unha puntuación que hay que modificar. O mesmo sucedería se eliminamos partes desa actividade xa que se modificaría o cálculo da puntuación.
autoría	Como se pecha un debate?	Se engadimos un debate nun audio ou nun video, poderemos desactivalo cando o finalicemos (Ver Apto 6.2. do manual de docente). Se engadimos unha actividade de debate non se finaliza, máis alo de avaliar a cada alumno participante, igual que non pechamos o resto das actividades.
analítica	Non atopo onde están as estatísticas da evolución dun alumno de xeito individual	Non existen estatísticas de avaliación individual pero tedes varias vías para atopar información sobre cada alumno: - Visualizando a unidade do alumno (Ver Apto 9. do manual de docente) - Dende o Libro de notas, podemos ver os seus resultados no libro, na unidade, no apartados e pro actividade. (Ver Apto. 13.3. do manual de docente) - Nos informes do EVA, tal e como os víñades obtendo ata o momento.
analítica	Pódese ver a evolución dun alumno/a en formato similar á analítica da clase?	
outros	Non funciona ben a súa ferramenta de sincronización da lista de alumnado ("Actualizar listado alumnos"), polo menos para dar de baixa un alumno, que foi o meu caso; na lista de alumnado do grupo ("A miña clase") teño 18, pero nas actividades de Netex sigo tendo 19, a pesar de actualizar o listado en varias ocasións.	A opción de "sincronizar alumnos" está deseñada para engadir alumnos ao contido Smart, pero non os elimina. Para poder desinscribir alumnos do contido Smart envía unha petición ao soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es) e trataremos de xestionalo o antes posible.

outros	Teño dous grupos e uso o mesmo para A e B. A lista de alumnado de B está ben, pero en A sáeme o alumnado dos dous grupos. Xa desmatriculei o de A e volvíno matricular pero no Smart seguen aparecendo todos (no EVA están ben).	Para poder desinscribir alumnos do contido Smart envía unha petición ao soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es) e trataremos de xestionalo o antes posible.
outros	Hai algunhas actividades que teñen seguimento pero os alumnos non poden contestar. A que se debe isto	Necesitaríamos máis datos para responder a esta pregunta. Por favor, envía unha petición ao soporte premium (soporte.premium@edu.xunta.es) ofrecendo a maior información que poidas (en qué clase, libro, unidade, apartado, actividades, a qué alumnos, se é posible indicar data e hora...).